

MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, CONCELEIRO-SECRETARIO EN FUNCIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE celebrada o día trinta de decembro de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2/972 CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DAS OBRAS DE REXENERACIÓN DE FIRMES NA ESTRADA DA LU-612 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOÁN DO CAMPO - (LOTE 1) E REXENERACIÓN DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ. FASE II (LOTE 2). APROBACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS, DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 17 de decembro de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:


“ANTECEDENTES

- I.- Memoria Técnica-Económica de Investimento financeiramente sostibles correspondentes ó investimento de Pavimentación en San Xoán do Campo (LU-612-Belesar e Abol- Vilachá) elaborada polo Enxeñeiro do Servizo de Enxeñería don Alberto Cárdoma en data 4 de decembro de 2014.
- II.- Proxectos das obras de REXENERACIÓN DE FIRMES NA ESTRADA DA N-640 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOÁN DO CAMPO E REXENERACIÓN DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ. FASE II, elaboradas polo Servizo Municipal de Enxeñería.
- III.- Certificación de existencia de crédito na aplicación 15500.61901 do vixente Orzamento Municipal (C.P. 14RTSP56; RC 91726) para o LOTE 1; (C.P. 14RTSP56; RC 91713) para o LOTE 2
- IV.- Actas de replanteo asinada polo enxeñeiro municipal correspondente a cada unha das obras de referencia.
- VIII.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da obra de referencia redactado polo servizo de contratación do Concello con data 12 de decembro de 2014

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 1/26
 aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x660020972

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 30-12-2014
(18:10 HORAS)

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97, do 17 de xaneiro, sobre regulamentación dos servizos de prevención.
- Real decreto 486/97, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Estes contratos poden ser cualificados como contratos recollidos e regulados no artigo 6 do TRLCSP que serían aqueles 'que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución dalgún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante'. Neste caso trátase da execución de dous proxectos consistentes na REXENERACIÓN DE FIRMES NA ESTRADA DA N-640 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOÁN DO CAMPO E REXENERACIÓN DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ . FASE II elaborados polo Servizo Municipal de Enxeñería.

Segunda.- Proponse a tramitación dun único procedemento de contratación mediante lotes de conformidade co artigo 80.3 do TRLCSP de modo que poden presentarse os licitadores a un, varios ou á totalidade dos lotes. Aplícase ó procedemento as normas de publicidade e procedemental que corresponde en función do valor estimado acumulado da totalidade dos lotes.

Terceira. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.


O procedemento de adjudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 157 e seguintes do TRLCSP.

No prego de cláusulas administrativas particulares determínanse os criterios e aspectos económicos e técnicos que serán obxecto de valoración, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP xa que é exclusivamente o prezo ofertado á baixa e o incremento do prazo de garantía da obra.

Cuarta.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual."

2

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 2/26
 aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==			

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS); o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS); e a Ilma. Sra. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde e suplente da responsable da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Acumular os asuntos números 2 e 3 da orde do día para os efectos da súa resolución no mesmo acto, a epígrafe do cal quedará redactada do seguinte xeito “CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DAS OBRAS DE REXENERACIÓN DE FIRMES NA ESTRADA DA LU-612 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOÁN DO CAMPO - (LOTE 1) E REXENERACIÓN DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ. FASE II (LOTE 2). APROBACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS, DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN”.

SEGUNDO.- Aprobar a CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DAS OBRAS DE REXENERACIÓN DE FIRMES NA ESTRADA DA LU-612 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOÁN DO CAMPO - (LOTE 1) E REXENERACIÓN DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ. FASE II (LOTE 2).


TERCEIRO.- Aprobar os proxectos de obra de referencia elaborados polo Servizo Municipal de Enxeñería, así como o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior, e que, elaborado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación literalmente se transcribe:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DAS OBRAS DE REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DA N-640 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOAN DO CAMPO - (LOTE 1) E REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ . FASE II (LOTE 2)

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a realización das obras de :

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 3/26
 aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x660020972

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 30-12-2014
(18:10 HORAS)

- **REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DA N-640 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOAN DO CAMPO - (LOTE 1)**
- **REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ . FASE II (LOTE 2)**

Todo elo conforme os proxectos elaborados polo servizo municipal de enxeñería.

CPV.- ... 45432100-5 Traballos de pavimentación e revestimento de solos

CNAE 2009.-43.12Preparación de terreos.

Este procedemento de contratación consta de **DOUS LOTES**, podendo presentarse ofertas a un lote, varios ou á totalidade do contrato:

Xustifícase a necesidade da tramitación dun único procedemento de contratación mediante o seu fraccionamento en dous lotes xa que cada unha das obras conta co seu propio proxecto de obras sendo ademáis unha obra completa e, se ben son todas elas obras de rexeneración de firmes dentro dunha mesma área xeográfica, cada rúa ten a súa problemática concreta.

Este fraccionamento non implica eludir os requisitos de publicidade ou de procedemento toda vez tense en conta a totalidade dos importes de cada obra tramitándose o expediente de contratación mediante procedemento aberto que permite a máxima concorrencia.

Esta agrupación por lotes, ademáis de permitir axilizar o procedemento de contratación, permitirá unha maior facilidade de execución e/ou control de cada unha das obras por parte do Servizo de Enxeñería permitindo ademáis a ampliación do abano de empresas que poden concurrir á licitación que poden optar entre ir a un lote, dous ou á totalidade.

Por outra banda nas correspondentes Memorias dos proxectos elaborados xustifícase para cada obra a súa necesidade que básicamente consiste en reparar o deterioro do firme das pistas nas que se va a actuar restablecendo as condicións de seguridade e comodidade dos usuarios.

SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de obra , recollido e regulado no artigo 6 do TRLCSP que ten por obxecto a realización das obras de:

- **REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DA N-640 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOAN DO CAMPO - (LOTE 1)**
- **REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ . FASE II (LOTE 2)**


Todo elo conforme os proxectos elaborados polo servizo municipal de enxeñería

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

4

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 4/26
			
aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==			

- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.
- Real Decreto 614/2001 de 8 de xuño sobre disposicións comúns para a protección da saúde e seguridade dos traballadores para o risco eléctrico.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último así como a normativa vixente en materia de contratación.

Ademáis deste prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas.
- Os planos.
- A memoria do proxecto.
- O programa de traballo incluído no proxecto da obra.
- Os cadros de prezos.
- O documento no que se formalice o contrato.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda do TRLCSP a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo é o órgano de contratación deste contrato sen prexuído das delegacións que teña conferida na Tenente de Alcalde Delegada.

TERCEIRA. PREZO DE LICITACIÓN DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO

3.1.- O **valor estimado do contrato** tendo en conta a totalidade dos DOUS lotes e ó abeiro do artigo 88.7 do TRLCSP ascende a 124.753,13 euros IVE excluído.

3.2.- O **prezo de licitación** de cada LOTE é:

REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DA N-640 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOAN DO CAMPO - (LOTE 1)

Prezo sen IVE: 23.535,43 euros (gastos xerais e beneficio industrial incluído)

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	5/26



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x660020972

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 30-12-2014
(18:10 HORAS)

IVE (21%): 4.942,44 euros

Prezo de licitación: 28.477,87 euros IVE incluído

REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ . FASE II (LOTE 2)

Prezo sen IVE: 101.217,70 euros (gastos xerais e beneficio industrial incluído)

IVE (21%): 21.255,72 euros

Prezo de licitación: 122.473,42 euros IVE incluído

3.3.- Faise contar a existencia de crédito suficiente na aplicación presupostaria 15500.61901 (C.P. 14RTSP56; RC 91726) para o LOTE 1 ; (C.P. 14RTSP56; RC 91713) para o LOTE 2

Non obstante , faise constar que a adxudicación quedará condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente no exercizo económico que corresponda.

CUARTA. PRAZO DE EXECUCIÓN DE CADA LOTECada unha das obras obxecto deste procedemento executaranse con suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e conforme ó correspondente proxecto técnico aprobado polo Concello e terán cada unha delas un prazo máximo de execución de **UN MES** contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo de cada obra.**QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR**Este contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.


Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten contar con solvencia económica e técnica.

Os empresarios deberán contar, asi mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as UNIÓNS DE EMPRESARIOS que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a clasificación conforme o establecido no artigo 52 do RXLCAP coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 6/26
 aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==			

empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.- A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2.- A **xustificación da solvencia técnica** acreditarase do seguinte modo:


Para o **LOTE 1 REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DA N-640 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOAN DO CAMPO** mediante a acreditación de experiencia na realización de obras de pavimentación por un importe total en conxunto de 55.000 euros IVE incluído no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo término; no seu caso, os certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

De conformidade cos artigos 74.2 do TRLCSP a documentación anteriormente relacionada anteriormente acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional podrá substituírse pola correspondente clasificación para a celebración de contratos de obra do mesmo tipo, como pode ser a clasificación no grupo G , subgrupo 6 categoría a).

Para o **LOTE 2 REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ . FASE II** mediante a acreditación de experiencia na realización de obras de pavimentación por un importe total en conxunto de 240.000 euros IVE incluído no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo término; no seu caso, os certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

De conformidade cos artigos 74.2 do TRLCSP a documentación anteriormente relacionada anteriormente acreditativa da solvencia económica e financeira así

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 7/26
 aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x660020972

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 30-12-2014
(18:10 HORAS)

como a solvencia técnica e profesional poderá substituírse pola correspondente clasificación para a celebración de contratos de obra do mesmo tipo, como pode ser a clasificación no grupo G , subgrupo 6 categoría b).

SÉTIMA. GARANTÍAS

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación para cada lote, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRCSP, esto é:

- En efectivo ou en valores de debida pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRCSP e normas de desenvolvemento.
- Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRCSP.
- Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)


O prazo de presentación de proposicións será de **vinte e seis días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, **lotes ós que licita**, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A Documentación Administrativa e letra B Oferta económica e relativa a criterios avaliados automaticamente.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula sétima, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 8/26
			
aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==			

que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o Bastanteo do Poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O bastanteo realizarase por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento desta taxa deberá cubrir o **modelo 100 (Documento de ingreso-Taxa pola expedición de documentos administrativos) código 01** - e presentalo para o seu pagamento nalgunha das entidades bancarias colaboradoras (NOVAGALICIA BANCO, BBVA, LA CAIXA)

No apartado "Observacións" do modelo 100 identificará claramente o procedemtno de licitación e o obxecto do contrato.

Un exemplar deste documento ("exemplar para o Concello") deberá unirse ó bastanteo realizado polos funcionarios municipais e incorporarse como documento dentro do Sobre A (Documentación administrativa)

3.- **Declaración responsable (conforme o modelo do Anexo III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións**

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 9/26



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x660020972

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 30-12-2014
(18:10 HORAS)

para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto


Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO III deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflecta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectadas no correspondente certificado non**

10

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 10/26
 aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==			

experimentaron variación. A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 55 do TRLCSP)


En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUSTITUIR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Código Seguro de verificación: aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 11/26
 aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x660020972

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 30-12-2014
(18:10 HORAS)

RELACIONADA ANTERIORMENTE (apartados 1 a 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TODALAS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO IV DESTES PREGOS

7.- Declaración responsable da non existencia de empresas vinculadas co licitador ou, se é o caso, da relación de empresas vinculadas con el, en cumprimento do preceptuado no artigo 145 do TRLCSP (**conforme modelo do ANEXO V**)

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automáticamente o rexeitamento da proposición.

O sobre B, Oferta conómica e relativa a criterios avaliados automáticamente, conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI número, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF número, fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DAS OBRAS DE REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DA N-640 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOAN DO CAMPO - (LOTE 1) E REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ . FASE II (LOTE 2)**

b) Que se compromete á execución das obras conforme a seguinte **oferta económica:**

- LOTE 1 REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DA N-640 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOAN DO CAMPO

Prezo sen IVE:..... euros

IVE (21%) :euros

Prezo total IVE incluído:..... Euros

-LOTE 2 REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ . FASE II

Prezo sen IVE:..... euros

IVE (21%) :euros

Prezo total IVE incluído:..... euros

c) Que oferta os seguintes **incrementos do prazo de garantía:**


LOTE 1 REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DA N-640 A BELESAR - PARROQUIA DE SAN XOAN DO CAMPO Un incremento do prazo de garantía de meses a maiores do mínimo de doce meses establecidos nos pregos de cláusulas administrativas

-LOTE 2 REXENERACION DE FIRMES NA ESTRADA DE ARGONDE A VILACHÁ . FASE II Un incremento do prazo de garantía de meses a maiores do mínimo de doce meses establecidos nos pregos de cláusulas administrativas

d) Comunico que a empresa que represento **SI/NON (sinalar o que proceda)** ten **previsto subcontratar a realización parcial** deste contrato por un importe de euros á empresa sen perxuízo da comunicación que se

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 12/26


aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==

realizará no caso de realizar outras subcontratacións durante a execución da obra de conformidade co artigo 227 do TRLCSP

e) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

f) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

De conformidade co previsto no artigo 320 así como na disposición adicional segunda do TRLCSP, a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTA: Sra Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación

VOGAIS:

- O Concelleiro Delegado da Área de Infraestruturas e Zona Rural.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a corporación.
- Interventor xeral ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- Un representante da asesoría xurídica ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario deste servizo que o substitúa.

O acto de apertura da documentación incluída no sobre B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA.- CRITERIOS DE ADXUDICACION


Os criterios de adxudicación PARA CADA LOTE serán os seguintes:

1.- Menor prezo ofertado: Ata 8 puntos.

Obterá a máxima puntuación neste apartado (8 puntos) a proposición da empresa que oferte para cada lote o prezo máis baixo. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que oferten o prezo de licitación de cada lote e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

Consideraranse anormais ou desproporcionadas as ofertas económicas presentadas para o LOTE 1 que representen unha porcentaxe de baixa que exceda en 10 unidades ou máis a media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas.

Código Seguro de verificación:aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/01/2015
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==	PÁGINA 13/26
 aYdufSISNmRCuEEFk1G8VQ==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x660020972

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 30-12-2014
(18:10 HORAS)

